

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION EXTRAORDINARIA 28 DE OUTUBRO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Oliveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Rodríguez Escudero, Cayetano

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta e catro minutos do día vinte e oito de outubro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Oliveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar o asunto da orde do día.

ÚNICO(208).- DEBATE SOBRE AS ORDENANZAS FISCAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA 2014.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de outubro de 2013 tivo entrada no Rexistro do Pleno (767/1101) escrito do grupo político do Partido Popular asinado por sete concelleiros, solicitando a convocatoria dun Pleno extraordinario para debater sobre as ordenanzas fiscais do Concello de Vigo para o ano 2014.

O Alcalde, en cumprimento do sinalado no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, mediante Resolución, convocou a sesión extraordinaria solicitada para o día de hoxe.

O escrito de solicitude de sesión extraordinaria contén a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva.

DEBATE.-

A PRESIDENCIA: O Pleno procederá en quendas de 10 minutos para o propoñente, dez minutos para cada un dos grupos e rematará o grupo propoñente cunha intervención de tres minutos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar, espero que haxa educación e respecto á persoa que teña o uso da palabra porque o que comprobamos o pasado 15 de outubro no Pleno onde se aprobaron dúas ordenanzas, deixou aquilo bastante que desexar. Aquel Pleno non foi máis que unha manobra de distracción, o Alcalde pretendía volver a enganar aos cidadáns de Vigo, quería pasar de puntillas e escaparse do debate sobre os impostos municipais, pero o Partido Popular ao forzar a convocatoria deste Pleno Extraordinario, destapou a súa trampa.

Unha vez máis, Sr. Alcalde volveuse a equivocar porque o debate plenario sobre os impostos e taxas municipais é un dos máis importantes do ano xa que afecta a tódolos cidadáns. Queremos falar sobre todas e cada unhas das trinta e sete ordenanzas que aparecen neste libro, queremos falar das sete emendas que presentamos á Ordenanza Fiscal Xeral e tamén das dúas emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego á Ordenanza Fiscal Xeral. Pero sobre todo queremos falar da nosa proposta, a do Partido Popular, que é a da baixar de verdade aqueles impostos e taxas municipais que teñen un maior impacto nos cidadáns e que son as seguintes: Impostos de Bens Inmóveis, o Lixo nas vivendas e o Imposto de Circulación, así como cobrar a auga por consumo real e manter igual o prezo do transporte urbano. O Lixo, en vez de pagar 85,3 euros como se pagou este ano, queremos que o recibo no ano 2014 custe 84,12 euros en

vez de 85,3 euros. Que o imposto de circulación ata oito cabalos fiscais custe 61,49 céntimos o ano que ven, e non os 62,35 euros que custou este ano. Queremos que o Imposto de Circulación para os vehículos comprendidos entre oito e doce cabalos fiscais, custe 132 euros e non 133,85 como custou este ano e queremos que o tipo do IBI, o Imposto de Bens Inmóveis, que é o máis caro de Galicia, pase de 0,884 a ser o 0,87, máis claro non llo podo dicir, porque o que fixeron vostedes coas ordenanzas é un auténtico despropósito, non se pode cualificar doutra maneira.

Se facemos un pouco de historia, o 25 de setembro a Xunta de Goberno deste Concello aprobou unha modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, ese mesmo día o Secretario do Pleno envía o expediente aos Grupos Políticos e abre un prazo de seis días para alegar e facer emendas. O 30 de setembro preséntanse dúas mocións urxentes neste Pleno, unha do Bloque Nacionalista Galego e outra do Partido Popular para obrigarlle a traer ao Pleno as Ordenanzas para que haxa debate. O 4 de outubro acábase o prazo para presentar esas emendas e o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego preséntanas, pero o 4 de outubro convócase ademais para o día oito, unha Comisión Informativa que vostedes desconvoan o día 7 buscando unha excusa, que é o posible aumento do canón da auga. O día 8 de outubro convócase para o día 10 de outubro a Comisión Informativa de Economía e Facenda, pero só levan dúas ordenanzas, caeu unha das máis importantes que é a Ordenanza Fiscal Xeral. O 10 de outubro realízase esa comisión e ditamínanse esas Ordenanzas, que o día 11 convocan un Pleno e que as levan para aprobar o día 15 de outubro, pero non levan a Ordenanza Fiscal Xeral. Ademais nese Pleno vostedes fan un discurso falando sobre tódalas Ordenanzas, e empregan uns tempos de intervención como se se debateran as Ordenanzas, si só se levaban dúas ordenanzas en vez de 39. Ese mesmo día, ante ese fraude, o Partido Popular anuncia que lle da un prazo de tempo para convocar ese Pleno de Ordenanzas e, de non ser así, nós solicitaríamos un Pleno extraordinario. Por iso estamos hoxe aquí, porque o Partido Popular fixo posible que se debata hoxe neste Concello, as Ordenanzas.

Tamén queríamos falarlle das nosas emendas porque non traballamos en balde, para o inglés, nós presentamos sete emendas: unha, facilitar as bonificacións e exencións que se poidan solicitar ata o 30 de xaneiro, e se solicitan ata despois do 30 de xaneiro, que ao menos teñan unha prórroga do período voluntario ata o 30 de novembro. Vostedes presentaran unha modificación da Ordenanzas Fiscal Xeral parecida nese sentido, pero vostedes retraérona e roubáronlle ese debate a todos, son peores as ordenanzas que temos que as que vostedes pretendían debater.

Segunda emenda do Partido Popular, non esixir intereses de demora para aprazamentos ou fraccionamentos solicitados en período voluntario, como se están pedindo agora.

Terceira, xeralizar o que xa se fai co Imposto de Bens Inmóveis para o resto de impostos e taxas municipais que é que os cidadáns que domicilien o recibo teñen un 3% de desconto, esa era unha emenda que propuxemos.

Carto, para os cidadáns e empresas que teñan dificultades conceder aprazamentos e fraccionamentos, xustificando como ata o de agora a necesidade, pero conceder aprazamentos ata un máximo de 24 meses.

Quinta, non pedir aval se a débeda é menor a 10.000 euros para eses aprazamentos e fraccionamentos como vostedes piden aval agora, para débedas incluso inferiores a 10.000 euros.

Sexta, obrigarlles a cumprir un acordo plenario, nós acabamos de apoialos que sexa SOGAMA a que asuma ese aumento do canón, pero é que vostedes non cumpren os acordos plenarios, e houbo un acordo plenario hai dous meses que era o deber de información, a maioría dos cidadáns/as de Vigo non coñecen as exencións ou bonificacións ás que poden beneficiar cos impostos municipais, pedíamos que lles informasen.

Sétima, que aumentasen os mínimos exentos pero que os inclúsen en cada ordenanza e non pola porta de atrás como intentaban facelo a través dunha disposición adicional. A súa proposta do Partido Socialista cal é? Pois xa a coñecemos Sr. Alcalde, é a da deixar os impostos e as taxas igual, por iso cando falan de rebaixas fiscais vostedes están mentindo, o farsante é vostede Sr. Alcalde, manter todo igual sería un retroceso, porque a maioría dos vigueses/as perderon poder adquisitivo. A rebaixa que pedimos de impostos non é un capricho Sr. Alcalde, é algo moi serio e non queremos quebrar o Concello, como di o Partido Socialista, queremos que os aforros que se producen e que son gracias a que o Partido Popular votoulles un expediente de amortización anticipada de débeda pola que imos aforrar máis de catro millóns de euros en intereses, que eses aforros que se producen teñan a súa tradución nunha baixada de impostos municipais, teñan a súa tradución nos cidadáns.

Vigo e os vigueses son o primeiro para o Partido Popular, e se para vostedes tamén o son, pedímoslle que polo ben dos cidadáns fagan un esforzo, nós tendémoslle a man ao Goberno Municipal para chegar a un acordo que pase por baixar os impostos e as taxas municipais. O Partido Popular seguirá traballando, negociando, falando e intentando este consenso.

Alcalde alá vostede, elixa se quere falar ou manterse na confrontación, o insulto, a prepotencia e o desprezo a quen é o partido máis votado na cidade de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Estamos aquí nun Pleno Extraordinario para dar voltas ao redor de nos mesmos unha vez máis, pero non para tomar decisións que axuden á cidadanía porque a realidade é que estamos nun debate sobre as Ordenanzas Municipais nas

que cada Grupo Municipal teremos a oportunidade de dar a nosa opinión e facer as nosas propostas, algunhas delas xa puidemos facelas no pasado Pleno cando se aprobaron esas dúas únicas ordenanzas que o Goberno Local decidiu traer a debate, pero van quedar na acta deste Pleno ao menos que o Goberno Municipal decida realmente traer un proxecto de ordenanzas a este Pleno, permitir o debate e a proposta por parte dos grupos municipais das correspondentes emendas, e permitir a posibilidade de que a cidadanía presente as correspondentes alegacións durante o período de exposición pública. Pero mentres o Goberno Local non faga iso, imos seguir debatendo unha e outra vez, pero imos seguir sen dar resposta ás necesidades que ten agora mesmo unha parte importante da cidadanía en Vigo, porque temos un elevado número de persoas no desemprego, un elevado número de persoas que ademais están nunha situación de desemprego de longa duración que xa non teñen ningún tipo de recurso, que xa non reciben ningún tipo de axuda.

Hai unha perda xeralizara do poder adquisitivo, porque as condicións laborais cada vez son peores, e temos moito que agradecer ao Partido Popular e a súa reforma laboral. Temos moitas persoas que van recibir moitos menos cartos polas súas pensións, algo que tamén temos que agradecerlle ao Partido Popular. Hai uns recortes importantes nos servizos públicos e gastos que hai que asumir que antes non existían, e hoxe mesmo falamos do copagamento dos medicamentos, do repagamento dos medicamentos.

Todo isto fai preciso poñer en marcha actuacións que fagan fronte a esta situación de emerxencia social para moitas persoas na nosa cidade, e nós entendemos que hai marxe de manobra no Concello, que realmente podemos modificar as taxas e impostos municipais para atender as maiorías sociais e garantir a prestación dos servizos ao mesmo tempo, mediante unha maior xustiza fiscal, é dicir, que pague máis quen máis ten e que pague menos, quen menos ten. Non sei se isto é o suficientemente “keynesiano” para este Goberno Municipal, é unha mágoa que non o sexa porque tampouco nos parece a nós moi “keynesiano” non estar executando as partidas orzamentarias que precisamente axudan a estas persoas e non o están facendo, así que quizais o argumento de orzamentos “keynesianos” vale segundo toque.

Nós non estamos debatendo as Ordenanzas por desgraza, porque o único que estamos facendo é debater propostas de grupos municipais, neste caso estamos debatendo a proposta do Partido Popular que é a de rebaixarlle os impostos a todo o mundo por igual, sen ter en conta a situación das persoas, exactamente igual que fai o Estado subíndolle os impostos a todo o mundo por igual, porque cando lle subimos o IVE a todo o mundo, estamos afectando igual as persoas con máis recursos que as que teñen menos recursos. Aquí o que pretenden é xustamente o contrario, rebaixarlle os

impostos a todo o mundo, e cando falan de rebaixar o IBI, están falando de rebaixarlle o IBI a un chalé da costa de 300 metros cadrados e máis o apartamento de 50 metros cadrados en calquera outro barrio da cidade, da igual, aquí rebaixamos os impostos a todo o mundo, facendo esta demagogia no Concello mentres subimos os impostos a todo o mundo dende a Comunidade Autónoma e dende o Goberno do Estado.

Estamos debatendo tamén, a non proposta do Partido Socialista que é o máis curioso, estabamos debatendo unha non proposta, decide que non hai nada que facer coas ordenanzas municipais, que isto de conxelalas segundo o Partido Socialista é reducilas, por certo é o mesmo argumento que utiliza o Sr. Louzán na Deputación de Pontevedra, que cando se actualiza o IPC non se suben nin os impostos nin as taxas e aquí tamén, cando se conxelan báixanse, estamos utilizando os mesmos argumentos, ultimamente coinciden moito o Partido Socialista e o Partido Popular en cuestión económicas.

Esta é unha decisión histórica entón non fai falla debatelas que as conxelamos e así reducimos os impostos, esa é a proposta. Supoño que é a mesma política que leva a que partidas como ao Plan Social contra a crise ou as bolsas de comedor non é executen en tempo e en forma. Iso si, recorreremos constantemente ao argumento de que a culpa de todo isto é da Xunta de Galicia, pois depende, pois como as veces coinciden e as veces non, tamén depende.

Cando falamos da partida dos orzamentos municipais de bolsas de comedor falamos das bolsas de comedor da Xunta de Galicia, cando falamos de bonificar á Universidade no IBI falamos da Xunta de Galicia, iso si cando a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias en materia aeroportuaria, entón aprobamos rapidamente unha modificación orzamentaria para cubrir cos Orzamentos Municipais liñas aéreas para o Aeroporto de Vigo, iso si, entón depende, ás veces salvamos a esta cidade dos ataques da Xunta de Galicia e as veces non facemos nada por esta cidade porque é competencia da Xunta de Galicia, entón depende do que nos interese.

Nós hoxe ao único que podemos aspirar entendemos é que o Goberno Local clarexe e diga explicitamente dunha vez por todas, se vai traer a debate ou non as ordenanzas para poder modificalas, e que explique se non quere traelas a debate para modificalas, porque ata o de agora está demostrando que non quere, que explique por que non quere aumentar as exencións para as persoas con menos recursos, por que quere seguir cobrándolle taxas e impostos ás persoas que están cada vez nunha situación máis difícil economicamente, por que quere seguir cobrando recargos por pago fraccionado ou aprazamentos ás persoas que se ven obrigadas a pedir estes aprazamentos ou fraccionamentos porque non teñen recursos para facer fronte a eses pagos, non porque non queiran pagar os seus impostos, por que non queren apoiar ao pequeno e mediano comercio, reducíndolle a taxa polo lixo ou reducíndolle a taxa por

licencias de actividades, pero iso si aumentándollo as grandes superficies comerciais, porque se algunha multinacional quere vir a instalarse a Vigo e vai instalar un comercio de máis de 5.000 metros cadrados, terá que facer a achega correspondente ao Concello, pero vostedes prefiren que sexan os pequenos e medianos comercios locais os que manteñan eses recursos. Por que non queren aplicar unha penalización do 90% no IBI aos inmobles de uso residencial que están desocupados de maneira permanente porque se utilizan como produto especulativo, en lugar de ser un ben de primeira necesidade? Por que prefiren vostedes que a Igrexa siga sen pagar o IBI que lle corresponde e non queren bonificar á Universidade de Vigo? Por que non queren vostedes aplicar unha nova tarifa para o consumo da auga nesta cidade? Porque evidentemente levamos xa dous anos detrás deste tema, e o único que hai é un estudo dunha empresa que parte dunha premisa que a nós non nos vale, que é a premisa de garantir o beneficio económico da empresa.

Nós queremos un sistema tarifario máis xusto para os vigueses/as, que se pague a auga que se consume, que se teña en conta que ten que ser un ben sostible. Pero non, vostedes non queren modificar a tarificación da auga.

Nós queremos tamén traer a este Pleno a revisión das tarifas de VITRASA, queremos garantir que o billete normal se conxela, pero tamén queremos estudar novos descontos. Por que unha persoa desempregada de longa duración, que non recibe xa ningún tipo de axuda, non ten acceso a unha tarxeta social? Por que unha persoa que non ten ningún ingreso, por que unha muller que non está recibindo ningunha pensión, non ten acceso a ningunha tarxeta social? Nos queremos propoñer unha tarxeta social gratuíta para aquelas persoas que non teñen ningún tipo de ingreso mentres dure a súa situación.

Vostedes non queren debater nada isto, e esperamos que neste Pleno polo menos expliquen por que. Nós apostamos por garantir os ingresos deste Concello facendo pagar máis a quen máis ten, pero expliquen vostedes por que queren seguir facéndolle pagar máis a quen menos ten, porque nós non queremos. Isto é o que estamos pedindo, temos unha serie de propostas que entendemos que hai que debater polo menos, iso é o funcionamento democrático, polo menos temos que debater as propostas que temos os grupos municipais, e as propostas que poden querer presentar as entidades e cidadáns/as da nosa cidade. Expliquen por que vostedes non queren.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Eu creo que o do cambio da hora afectou a moita máis xente da que eu cría porque é o cuarto Pleno, o cuarto debate que se fala de Ordenanzas, falamos de ordenanzas no Pleno ordinario de agosto que se realizou a primeiros de setembro, debatemos ordenanzas no Pleno ordinario de setembro, no Pleno

extraordinario de outubro e hoxe de novo estamos falando de Ordenanzas, polo tanto levamos catro Plenos en pouco máis dun mes falando de Ordenanzas. Outra cousa é que o Partido Popular, como ocorre sempre, non o ten preparado e entón escorra o vulto.

Que é o que lle pasa ao Partido Popular e ao Bloque Nacionalista Galego? Pois non lle gusta a medida que realizou este Goberno, iso é o que pasa, porque este Goberno tomou unha decisión histórica que xamais tomaron o Partido Popular cando gobernou en Vigo, nin o Bloque Nacionalista Galego cando gobernou en Vigo, nin en bos momentos nin en malos momentos pensaron na xente, xamais tomaron unha medida como esta, de conxelación total e absoluta tódolos impostos, taxas e prezos públicos, pero a decisión tomouna Sr. Abel Caballero, esa é a cuestión. Non lles gustou esta decisión que significa que nin un só vigués/a pague nin un só céntimo máis en impostos, collamos o imposto, a taxa ou prezo público que collamos, nin un só céntimo, nin en IBI, nin na tarifa da auga, nin a do lixo, nin vehículos, en saneamento, nin en circulación, en ningunha, é iso son os feitos, puxéronse en contra, reveláronse as tripas porque eles dende a Xunta de Galicia non están facendo o mesmo, quere que lembre algunha das cousas que está facendo a Xunta de Galicia neste momentos, saben o que están facendo? Podemos falar do famoso céntimo sanitario, ah! por certo que non é un céntimo son 4,8; son cinco por cada litro, segundo os cálculos da propia Dirección Xeral de Facenda da Xunta de Galicia, sabe canto vai custar iso para os vigueses que estamos aquí? Esa medida do famoso céntimo sabe canto vai supoñer aos petos dos que estamos aquí? Cinco millóns de euros, esa medida que pasou así desapercibida porque como a gasolina está tan cara que máis da facela un pouca máis cara, pois todos imos pagar cinco millóns de euros máis. Mentres tanto sabe o que está facendo? Subindo as taxas das garderías, o IVE, a luz; vostedes colleron o recibo da luz deste mes e o de hai catro meses? Viron o que realmente pasou? Que subiron a cota fixa, gastemos ou non gastemos luz, pero é que unha familia, un matrimonio con dous fillos está pagando 50 euros máis ao mes, por esa subida da Xunta de Galicia, canto supón dende o Ministerio.

Sr. Fidalgo, os seus compañeiros de partido traizoárono, a persoa que se sente ao seu lado, Sra. Iglesias Bueno e o Sr. Figueroa traizoárono porque o venres asistíamos todos estupefactos ao que facía a Deputación de Pontevedra, as persoas que están aí sentadas en Pontevedra propuxeron, defenderon e votaron unha subida dunha taxa para un colexio que fala de comedores escolares, que fala dos bocadillos, da pensión, saben en ese colexio canto van ter que pagar agora de máis nese comedor. Sabe cando vai ter que pagar máis un neno que este alí? Cincuenta euros, independentemente da renda dos pais, e o prezo do comedor, pono no informe, vai ser de o 100% do custe. Nin unha soa bolsa para un comedor esa é a política do

Partido Popular.

Dicía Diógenes “o movemento demóstrase andando”, hai que ser coherentes. A subida foi dun 11,8%, iso é como defende a Educación, e iso é o que defenden eles en bolsas de comedor, tamén o víamos a semana pasada como dende a Xunta de Galicia diminuíamos as bolsas para libros, lémbrolles que cando estabamos gobernando o Partido Socialista, había un sistema solidario de préstamo, polo cal os libros ían pasando de neno a neno, tiña un custo moi pequeno para a administración, pois agora estalles dando unha bolsas que cada vez son máis pequenas, xa hai nenos que non se poden comprar os libros, e ás veces se as asociacións de pais se unen e inténtanse pasar os libros veñen as asociacións de empresarios e dinlle que iso non o poden facer que é ilegal.

Sabe canto lle costa a unha familia, a unha nai pagar os libros dos seus fillos, sabe o que lle custa? 300 euros e vostede Sra. Cendón aquí acaba de defender hai uns minutos que a unha muller con cancro de mama lle digan que ten que pagar polo medicamento. Se quere atrasar a progresión da súa enfermidade ten que pagar polo seu medicamento, e se o neno ten leucemia ten que pagar polo medicamento e iso foi o que defendeu o Partido Popular, e iso é o que me indigna como nai.

Douscentos vinte euros é o que ten que pagar unha nai polos libros dos seus fillos, teña ou non teña renda, pensión, este é o custe. Vostedes queren que os vigueses non paguen nin un só céntimo en impostos, vostedes queren que non paguen? Falemos de Vigo, baixen os prezos das garderías de Xunta de Galicia que están en Vigo, queren que non paguen máis, baixen o recibo da luz, o prezo do gas, o canón de SOGAMA, que pasa cos libros, baixen o IVE dos libros, baixen o IRPF porque os vigueses compramos libros, levamos aos nosos nenos a escola, movémonos en transporte, facemos todo o que fai calquera cidadá, e o que lle estamos pedindo é que sexan coherentes, co que fan fora e co que fan aquí.

O que nos trae hoxe aquí é falar de cal é política que imos defender para os vigueses/as, eu sempre defendín, defendemos o noso Partido que as políticas sociais fanse a través de orzamentos pero tamén a través de políticas tributarias, e aquí onde realmente se ve o que está defendendo un partido político e o que está defendendo outro partido político. É o momento das ordenanzas, dos Orzamentos e é cando se poñen as cartas boca arriba. É cando se ve na Xunta de Galicia que están subindo ese famoso céntimo sanitario, todos imos ter que pagar en total cinco millóns de euros máis, esa é a realidade. En cambio cal foi a medida que propuxo este Goberno, baixar ese 1,4% que significan dous millóns de euros que estarán no peto dos cidadáns, esa é diferenca.

Despois ven SOGAMA, a Xunta de Galicia, e aquí é certo que o Partido Popular votou a instar a que non sexa, pero eu o único que sei é que teño unha carta, a min chegoume

unha carta que di que a partires do 1 de xaneiro vanme cobrar máis, eu non sei cal é a palabra do Sr. Fidalgo fronte á desta carta, eu o 1 de xaneiro sabereino, o 1 de xaneiro direi se o Sr. Fidalgo mentiulle ou non aos vigueses, porque aquí acaba de dicir que se compromete, pois eu teño esta carta do presidente de SOGAMA que depende da Xunta de Galicia que di “para que poida ser valorada na elaboración dos próximos orzamentos municipais”, é dicir, téñao en conta señora que lle imos subir independentemente do que faga porque isto pon “Proxecto de Lei de Orzamentos aprobados na Xunta de Galicia”, está aprobado pola Xunta de Galicia, unha disposición adicional.

Se quere que os vigueses paguen menos impostos pois dígalle a Xunta de Galicia e ao Goberno Central que baixe os impostos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estaba claro que vostedes non querían falar de impostos nin das taxas municipais, vostede querían falar da Xunta de Galicia, da Deputación e se non houberse deixado a herdanza que deixaron, co país quebrado, lémbrolle que vostede subiron o IVE do 16 ao 18%, pasaron a idade da xubilación de 65 a 67 anos, subiron a luz un 60% etc, non se lembran diso, pero o que están facendo vai en contra da democracia e da participación, Sr. Alcalde, vostede estalle furtando á cidade a posibilidade que lle da a lei de participar nun tema de vital importancia. Vostede non quere diálogo Sr. Alcalde, a vostede gústanlle os monólogos, os dos luns, xoves e os da radio de tódolos días.

Nós, entre a confrontación e o diálogo, preferimos o diálogo. Como anunciamos en repetidas ocasións vostede non quería dar a cara vostede non quería este debate porque non ten o que hai que ter, non ten votos suficientes, non ten un proxecto para a cidade, non ten ideas, non ten unha chisco de responsabilidade nin de coherencia e o que é máis grave, Sr. Alcalde non ten un mínimo respecto a quen se debe que é aos cidadáns/as de Vigo, porque vostedes Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego écheselles a boca falando de progresismo, pero sempre se puxeron de acordo nesta cidade para subir tódolos anos os impostos e as taxas aos vigueses, hoxe pagamos un 15% máis que no ano 2007, Vigo é a cidade de Galicia coas taxas e impostos máis caros, pagamos o IBI máis caro, a auga máis cara de Galicia, o Imposto de Circulación máis cara de Galicia, o bono bus, a grúa.

É falso o que din de que o Partido Popular onde governa sobe os impostos porque en A Coruña onde leva gobernando o Partido Popular tres anos, nós conxelamos os impostos.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, vostedes onde gobernan soben sempre os impostos incluso máis que o IPC, porque en Pontevedra e en Poio estano subindo máis que o IPC, non confundan, nin enganen porque as bonificacións e aprazamentos están

en función da renda e das circunstancias sociais, non queremos igualdade para todos, senón que hai bonificacións e aprazamentos que teñen que ver cos mínimos exentos en función da renda e das circunstancias.

O que quere o Partido Popular é baixar os impostos, e para iso o Pleno é soberano, a competencia de subir ou baixar os impostos reside neste Pleno.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia,:

ACÓRDASE:

Instar ao goberno local a someter á Xunta de Goberno e posterior tramitación segundo o previsto no Título VI do vixente Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo os seguintes proxectos de modificación de ordenanzas fiscais do Concello de Vigo.

- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral (1)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles. (2)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construción, instalación e obras. (5)
- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.(6)
- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais. (7)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a instancia de parte. (10)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ó servizo de Transporte urbano de viaxeiros en automóviles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono). (11)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos servizos especiais por Espectáculos e Transportes. (12)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Prevención e Extinción de Incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos. (13)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos Dereitos ou Taxas pola prestación dos Servizos dos Cemiterios Municipais. (14)

- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo. (16)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Retirada, Transporte e Custodia de Instalacións, Elementos e Xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais (17)
- Proxecto Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Inspección Sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza. (18)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo. (19)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares, e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia. (20)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Vigo (21)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Centro de Día para Persoas Maiores (22)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación do Servizo das Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil (23)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Control de Calidade na execución de obras na vía pública e na reposición de pavimentos (24)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. (30)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de Quioscos. (31)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da Ordenanza Reguladora da Venda na Vía Pública e Espazos Abertos. (32).
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares (33)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por aproveitamento especial da vía pública con Estacionamento de Vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais. (34)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de Ensinanzas Especiais e outras actividades en establecementos municipais. (40)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de Subministración de libros, catálogos,cerámicas, e outros artigos destinados a divulgación de actividades realizadas polo Concello (41)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do Servizo de Organización de espectáculos, Aluguer de instalacións para estes, Xestión integral de RSU de construción e demolición

domiciliarios, depositados en sacos na vía pública E Participación noutras actividades ou programas (42)

- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos pola utilización de “VERBUM – Casa das Palabras”(43)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo así como pola Administración do Concello. (50)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións. (51)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos por utilización das Instalacións Deportivas Municipais, pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes. (52)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos servizos que presta o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu Parque Zoolóxico. (53)
- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. (60)

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.